



EXPERTOS ABORDAN EN VIGO AS ÚLTIMAS NOVIDADES NO TRATAMENTO DO CANCRO DE PULMÓN

- *As VIII Xornadas multidisciplinares de actualización en cancro de pulmón reunirán a oncólogos médicos e radioterapistas; pneumólogos, radiólogos, patólogos e cirurxiáns torácicos do panorama nacional e internacional*
- *Unha das principais figuras que acude a este encontro é o profesor Branislav Jeremic, especialista mundial nos tratamentos combinados de cancro de pulmón*
- *Os comités científico e coordinador está formado por médicos do Servizo de Oncoloxía Médica do Hospital Álvaro Cunqueiro en representación do GGCP*

Vigo, 4 de abril de 2024.- Organizado polo Grupo Galego de Cancro de Pulmón (GGCP), o 5 de abril celebraranse en Vigo as *VIII Xornadas multidisciplinares de actualización en cancro de pulmón*, un encontro internacional no que participarán expertos nacionais e internacionais nesta especialidade médica e que contará coa presenza dunha das máis importantes figuras a nivel mundial no que respecta aos tratamentos combinados de cancro de pulmón: o profesor do Centro Clínico Universitario de Kragujevac (Serbia), Dr. Branislav Jeremic.



De esquerda a dereita: Dr. Casal Rubio, Dr. Lázaro Quintela (ambos, do Servizo de Oncoloxía), Dra. Leiro Fernández (do Servizo de Pneumoloxía), Dra. Juaneda-Magdalena Benavides (do Servizo de A. Patolóxica), e o Dr. Huidobro Vence (tamén, do Servizo de Oncoloxía)

Estas xornadas, que se desenvolverán ao longo deste venres, 5 de abril, no hotel Attica21, de Vigo; estarán organizadas en tres mesas de debate nas que se abordarán temas que van, dende aspectos como o cribado do cancro de pulmón, o emprego de intelixencia artificial no seu diagnóstico, novas técnicas de prontoterapia, o papel do tratamento previo á cirurxía con quimioterapia e inmunoterapia, ou o tratamento do carcinoma microcítico pulmonar. Finalmente, terá lugar unha conferencia maxistral a



cargo do profesor Dr. Branislav Jeremic, que falará dos avances na última década en cantidade e calidade de vida para pacientes con cancro de pulmón.

Referente internacional

Un dos principais referentes a nivel internacional nesta materia é o Dr. Branislav Jeremic, do Centro Clínico Universitario de Kragujevac e investigador no Bioengineering Research and Development Center (BioIRC), situado na mesma cidade de Serbia. O Dr. Jeremic practica a oncoloxía radioterápica dende hai máis de 35 anos e investigador principal de máis de 30 ensaios clínicos e autor de preto de 200 artigos publicados internacionalmente; así como do manual de referencia: *Avances en oncoloxía radioterápica do cancro de pulmón*, do que a súa última edición apareceu a finais de 2023.

Tamén foi oncólogo radioterápico responsable de Europa do Leste, Sudeste Asiático e África no Organismo Internacional de Enerxía Atómica en Viena, onde compartiu co resto dos seus integrantes o Premio Nobel da Paz en 2005 outorgado á institución.

Médicos da Área Sanitaria de Vigo

O comité organizador destas *VIII Xornadas multidisciplinares de actualización en cancro de pulmón* está formado, entre outras persoas, polos doutores Gerardo Huidobro Vence, Martín Lázaro Quintela e Joaquín Casal Rubio, do Servizo de Oncoloxía Médica da Área Sanitaria de Vigo e investigadores do Grupo Oncoloxía Traslacional do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur, colaborando tamén nesta organización co antedito GGCP, a Sociedade Galega de Patoloxía Respiratoria (SOGAPAR) e a Sociedade Española de Anatomía Patolóxica (SEAP).